

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN** DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO RECINTO FEIRAL DE EXPOCORUÑA

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, xxxxconselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, xxxxxx

Doutra parte, xxxxx na súa calidade de director-xerente da Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) xxxxx

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior o artigo 30.l.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, apoiando as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexable cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento e viabilidade.

Segundo.- A Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO), parte integrante do sector público autonómico, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial do comercio, ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades promocionais e, a tal fin, vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona actuacións

que se concretan, fundamentalmente, en feiras, certames e exposicións e eventos deportivos.

Terceiro.- A mellora da competitividade do recinto feiral de Expocoruña, a modernización das súas infraestruturas e a posta en valor dos seus recursos favorece o desenvolvemento de actividades nas súas instalacións e a viabilidade do mesmo.

Por iso, considérase que as ditas actuacións enmárcanse no interese xeral e de acordo co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència competitiva porque as actuacións obxecto deste convenio realizaranse pola Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO), que ostenta a titularidade do recinto feiral de Expocoruña.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social, económico que xustifican, conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO).

Cuarto.- Con carácter previo á sinatura deste convenio, a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) acreditou a non concorrència doutras axudas públicas para a mesma finalidade de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de que non ten débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

Así mesmo, esta subvención está suxeita ao réxime de axudas de *minimis*, polo que non poderá exceder dos límites cuantitativos de 300.000,00 € nun período de tres anos establecidos no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE 15.12.2013, Serie L).

Por conseguinte, a fundación acreditou previamente á sinatura deste convenio a obtención ou non doutras axudas baixo o réxime de *minimis* que non superan os límites establecidos no regulamento sinalado no parágrafo anterior.

En consecuencia, e co obxectivo de determinar as liñas que rexerán nas actuacións, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a **Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO)** para o financiamento das actuacións de mellora nas

instalacións que se detallan no anexo I no recinto feiral do que é titular a fundación, cun orzamento total de 185.541,93€, IVE excluído.

SEGUNDA.- Para o financiamento da actuación que constitúe o obxecto deste convenio, cada unha das partes achegará os importes máximos que se indican a continuación:

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	176.264,84 €
Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña	9.277,09 €
Total	185.541,93 €

A achega por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 44.06.751A.743.09, proxecto de gasto 2015/00265, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

TERCEIRA.- A Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) é o órgano de contratación, correspondéndolle a aprobación do expediente de contratación e a motivación da necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público.

Por isto, e sen prexuízo de calquera outra competencia que lle corresponda en virtude da normativa que resulte de aplicación, a fundación realizará os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación e execución do contrato que sexan precisos para a execución do obxecto deste convenio de colaboración e asumirá, no caso de que así se requira, a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias que necesariamente deban ser solicitadas pola fundación.

Así mesmo, a fundación achegará a documentación necesaria, xunto coa documentación aportada polo contratista, para que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración proceda á transferencia do importe correspondente.

CUARTA.- Con carácter xeral e de acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido na cláusula décima.

QUINTA.- Debido a que as actuacións obxecto do convenio van implicar que a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) leve a cabo diversas contratacións externas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá admitir unha contratación separada das ditas actuacións, sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto. Esta previsión será comprobada polo órgano xestor no momento da xustificación de cada unha das actividades e gastos incorridos con

carácter previo a efectuar os pagos a conta, sen prexuízo de aplicar o disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subcontratación das actividades subvencionadas poderá alcanzar o 100 % e regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a entidade beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para ser poder adxudicador.

SEXTA.- O libramento da achega pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración levarase a cabo unha vez que a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) acredite, mediante certificación expedida polo órgano competente, a realización das accións e relación certificada de gastos, acompañada de relación nominativa de facturas ou medios de xustificación equivalentes agrupadas por cada unha das actuacións desenvolvidas.

As facturas e documentos xustificativos dos gastos deberán achegarse acompañados dos xustificantes de pagamento de acordo co que dispón o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (40.000,00 € no suposto de execución de obra ou 15.000,00 € nos demais supostos), a fundación deberá achegar a documentación relativa á solicitude de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención; todo elo de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando no recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia, a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) deberá acreditar a concorrencia ou non con outras axudas públicas para a mesma finalidade. Tamén deberá presentar certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia. A data límite para presentar a documentación xustificativa é o 10 de decembro de 2024.

A achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración minorarase en porcentaxe no caso de que a fundación non xustifique o orzamento total que figura na cláusula primeira.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio de colaboración. Pola súa parte, a

Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Así mesmo, a fundación deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que se deriven da execución deste convenio de colaboración de acordo co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- A achega da consellería para a realización das actividades obxecto deste convenio é compatible con outras axudas outorgadas por esta ou outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

OITAVA.- Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou das obrigas contidas nestas cláusulas, no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65 % do investimento subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título VI do seu regulamento.

Así mesmo, toda alteración das devanditas condicións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación das cantidades establecidas na cláusula primeira deste convenio.

As ditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ao obxecto deste convenio de colaboración nos citados rexistros públicos creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Así mesmo, a fundación consinte a publicación do convenio de colaboración que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido ás obrigas específicas de información sobre convenios.

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA.- Este convenio de colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, quedan incluídas todas as accións desenvolvidas dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 10 de decembro de 2024, sempre que se correspondan co obxecto do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEGUNDA.- Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio de colaboración crearase unha comisión de seguimento e control integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes, as cales poderán estar asistidas polos/as técnicos/as que estimen oportunos/as, previa comunicación da súa designación.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Este convenio de colaboración poderase modificar por acordo unánime das partes asinantes. A modificación será proposta pola comisión de seguimento e control e realizarase a través do mesmo procedemento que se seguiu para a elaboración deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Este convenio de colaboración resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

En particular, e de acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.- O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das partes asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO QUINTA.- Na execución do presente convenio de colaboración respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométese a cumprir o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na demais normativa aplicable sobre protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO SEXTA.- Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación. Non obstante, aplicaranse os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio rexerese, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndelle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a prerrogativa de interpretar este convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os convenios neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativos.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio de colaboración no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.



POLA XUNTA DE GALICIA

O Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

21 de xullo de 2024

POLA FUNDACIÓN PÚBLICA
GALEGA INSTITUTO FEIRAL
DA CORUÑA (IFECO)
Director-xerente da Fundación
IFECO

21 de xullo de 2024

ANEXO I

GASTOS POR ACTUACIONES

ACTUACIÓN	IMPORTE
1. Actualización do sistema de seguridade	14.000,00 €
2. Actualización de espazos do recinto	87.000,00 €
2.1. Saídas peonís do aparcadoiro	23.000,00 €
2.2. Climatización	26.000,00 €
2.3. Adecuación do recinto aos sistemas de protección contra incendios	38.000,00 €
3. Actualización dos equipamentos audiovisuais	36.000,00 €
4. Actualización e adecuación do parking	48.541,93 €